

## O MEIGALLO DE SAN XOÁN

Esta historia que vos vou contar, tivo lugar hai moitos anos, o 22 de Xuño do 1569; Era cristián, nun pobo de Galicia; época en que gobernaba a súa maxestade o Rei Felipe II. (coñecido como o rei prudente)...

Todo aconteceu moi rápido, coma si dun relustre se tratara. Xa estaba a punto de oscurecer, e, ela, estabaselle a escurrir de entre as mans coma si de auga se tratase..

—Vai por alí — gritou un dos soldados.

—Agachouse detrás desas xestas —gritou outro. Todoos homes estaban xa cansos. Levaban detrás de ela todo o día. Eran unha ducia de soldados os que andaban a dar caza a unha muller; ou quizais era algo mais... ca unha muller.

—¡Collédea, que non escape! —Gritoulle o Algüacil, que facía as funcións de policía do Condado.

Abalanzáronse dous soldados sobre ela, e non con pouco traballo conseguiron reducila. Ela era xove, fermosa, delgada, de ollos verdes, co pelo de cor negro, liso e largo; de cara redondiña. Podía pasar por unha doncela, ¿si non fose...?. Ela mirou fixamente po Abade do pobo, po Algüacil e po cabaleiro Templario. Eran os tres que mandaban no grupo. Destacaban dos outros, aparte da súa vestimenta, que era ben diferente; tamén, en que, os tres ían montados a cabalo. O abade foi o primeiro en falar: —¡O final collemoste bruxa ! ¡Maña a estas horas xa estarás ardendo na fogueira, diante de toda a xente da Comarca !.

O Algüacil, home rudo e de complexión forte, baixou do seu cabalo, agarroa polo pelo e sen mediar palabra, sacudiulle dúas labazadas. Ela escupiulle en toda a cara; e él, deulle outra, esta vez con tan mala sorte, que lle fixo saír un fino fío de sangue polo nariz.

O Templario o ver isto, vaixouse acotío do seu cabalo, e agarrando polo brazo: exclamou: —Basta xa, que non somos asasinios, si non que representamos a lei e a xustiza e temos... —interrumpeulle o Abade—: Veña, veña, deixadevos de lerias, e arreando todos para o monasterio, que xa empeza a escurecer.

A maña seguinte xa se estaba a pregoar por toda a Comarca, que os soldados do rei e da igrexa habían capturado a bruxa Xoana e que pola tarde sería queimada viva, tal e como manda a Santa Inquisición. (A xoana xa facía cousa de un ano, ca collera presa a

igreja, e trasladarana a carcel de Toledo. Alí a Santa Inquisición atopara culpable de exercer a bruxería; e sería condeada a morrer queimada. Pero sen saber eles como, logrou fuxir da súa cela, e ata agora ninguén puidera dar con ela ).

Ó atardecer do sabado 23 de xuño do ano 1569, a xente: (nenos, homes, mulleres, ancians..), abarrotaban a praza do pobo. Viñeran o pobo do Mosterio cullo nome non quero dar; dende todos os puntos dá Comarca. Era un dos espectáculos, si se lle pode chamar así; mais querido e apreciado por todos. Gustáballe mais a xente ver isto, cas obras de teatro que se representaban polas aldeas de cando en vez. O ambiente, ¿como describírbolo eu? era un ambiente do máis pintoresco. Xente de todas as clases, e cada un coa súa peculiar forma de vestir, estaban na praza. Custaba moverse entre tanta xente, do mesmo modo que custaba respirar. Cheiraba a todo; dende a animais mortos xa descompostos, que a xente tiraba o regueiro, desde a ponte, a cal estaba o lado da praza; pasando polo estercol que había polo só. Era estercol de vacas, cabalos, cabras, cans, etc. Sen contar os orinos da xente, porque xa sabese que nestas argalladas a xente ouriña por cualquer sitio. O único cheiro agradable era o que desprendía a herba fresca recién segada dos prados que estaban ó redor. Todos estes cheiros mesturados facían que respirases un cheiro que che entraba polo nariz e que se che cravaba na gorxa; pero en fin un cheiro ó que todo o mundo veía normal e o cal estaba afeito.

De súpeto faise o silencio por toda a praza. A Xoana xa viña vaixando polo camiño que dá o pequeno mosterio, o cal servía tamén de igrexa e de cárcere. Vaixa amodo arrastrando os pes, e ben coas mans atadas as costas. Así a todo segue estando enteira. A xente pon os seus ollos nela. Antes quen máis quen menos tiña ido a cova onde ela vivía, a pedirlle algún tipo de favor. Agora. —( ¡o que son as cousas! ), maldícena. Subena a un palco mal montado de última hora. Xoana que non se doblega, levanta a cabeza e mira para toda a xente que esta alí reunida. —Bruxa, bruxa, que te queimen xa, dunha vez ramera, —Gritou unha vella—. Por fin chegouche a hora, pécora.

O abade, que tamén era o prior do mosterio, levantou as mans en sinal de silencio e exclamou: —Xoana Figueirido Estepón; acusaseche de bruxa, e meiga; de votar mal de ollo, de practicar abortos a mulleres solteiras e mesmo de deitarte con homes e animais. —Ela miraba fixamente prol abade —. Por eso, eiqui e agora, polo poder que nos foi

outorgado, e en nome da Santa Inquisición, condenamoste a morrer queimada na fogueira, e sen ter dereito a confesión nin a comunión.

No alto dunha tribuna estaban o abade, o señor alcalde, o cabaleiro templario e o algüacil. —Ela mirou pra eles e gritoulle: —¡Mentireiros, eu son inocente. Todo iso son embustes, inventados por vos! E queimar, queimareisme, pero, ¡Xuro que volverei de entre os mortos, e a vos os catro comigo levarei !. —Mentres sucedía todo isto, unha figura humana, e desde o alto dun palleiro tapada cun capazón, con lagrimas nos ollos, observaba o que na praza estaba a acontecer...

Dalí a un intre prenderon lume a fogueira con Xuana xa dentro amarrada a un poste, E queimaron viva, vaía que si a queimaron. Non quedaron nin as cinzas. O cheiro que se respiraba agora era o mesmo que cando estas queimando un porco. Pero mil veces máis forte. Nunca pensei que unha persoa ardendo chegase a cheirar desa maneira. Mentres ardía, retorcíase no poste, igual que se retorcen as quiobras, e toda ela minguaba e consumía, como se consume o papel no lume. Sen esquecer os berros ca pobre deus. Ponseme a carne de galiña, namais pensalo. —¡Arde, arde, bruxa.! —Gritaballe a xente sen parar —. ¡E o díaño que te leve, e nunca mais che deixe.!

O verán seguiu pasando co rebulir cotidián da xente. Segando herba, mallando no pan, sacando o gando a pastar, recollendo as patacas, atendendo as viñas, etc. En fin loitando día a día, moitas veces só para poder levar a boca un mendrugo de pan e un prato de caldo. daquela era así a vida. Non che había outra.

Pero é eiqui co primer domingo do mes de setembro, pasou algo diferente; moi diferente. A noticia propagouse coma polvora. O parecer o señor alcalde aparecera morto, e sen mans, nun dos seus bosques donde soía ir cazar. E a partir de este intre xa empezaron as faladuras: —É a Xuana, que volveo pra cumprir a súa vinganza... —De bruxa non tiña nada; pero sabía mutas cousas, e dalgún modo había que facéla calar...comentaban outros.

O segundo domingo de Outubro o Abade prior, apareceu tamén morto no patio do seu mosteiro. O parecer estaba no alto dun dos balcois e sen saber como caíu del embaixo. Xa se escoitaban agora con mais forza as faladuras de co empurrara Xuana a bruxa. Alguís afirmaban que horas antes, víran unha moza encapuchada andar por alí o redor. Ó abade, faltaballe a lingua. Cortaranlla pola metade.

E estes comentarios, de ben seguro non terían ir a mais, si non fose polo que aconteceu o primeiro domingo do mes de Novembro. Ese día viña toda a xente, grandes e pequenos de escoitala misa santa, camiñando pola rúa; cando montada nun cabalo branco, e a todo galope, completamente espida pasou... Xuana a bruxa. Ninguén o podía crer, e sen embargo todos cos seus propios ollos virana. ( As vellas santigüábanse; os vellos remelían os ollos; os nenos rían e cantaban: —volveo dos mortos a Xoana, Volveo a Xoana.— e os mozos e mozas non paraban de pregoar o acontecido).

Quedaban con vida o algüacil, e o Cabaleiro Templario, e agora tocarialle a quenda a un deles. Si, pero cal. Ningún dos dous pola noite dormiría tranquilo...

Os días foron pasando. Estabamos en Novembro. O inverno xa fixera mella nos campos, nas coseitas e na xente do lugar. Facía frío, demasiado. Os días eran moi curtos e as noites demasiado longas. As familias o escurecer encerrábanse nas súas casas e acarón do lume, mentres se quentaba o caldo, ou se asaban unhas castañas, para comer sóas, e ás veces engadíanselle ó caldo, pois era muta a fame, e pouco o que comer. Neste momento era cando se aproveitaba para contar lendas de medo. En todas as casas contábase a historia de Xuana a bruxa; que pouco tiña de conto, — Papi,papi, cantanola de novo outra vez, que dá mutto medo. —Dicían os mais cativos.

O tercer domingo de Novembro volveo ocorrer... —Boas noites señor Alguacil; —dixolle o centiela que desde facía un mes vixiaba a casa de iste e os seus arredores.

— Boas. ¡Que non molesteme ninguén hoxe! . Teño cousas que facer no meu estudo esta noite. — O centiela asintiu coa cabeza. Pero dentro esperaballe unha sorpresa. No seu salón sentado nunha cadeira grande estaba o Cabaleiro Templario. — ¿Que fais ti na miña casa?, ¿Como entrache?

— Es patético. Seica crees que a min podes enganarme. — Replicoulle o Cabaleiro— Con centielas custodiando a túa casa pola noite, e con escolta polo día. ¿A quen lle teis medo?. Os mortos non. Tí e máis eu, sabemos que os mortos, mortos están; e de onde carallo queiran que estén, eses non volven. — O Algüacil, mirabao fixamente, pero sen decir nada— . ¿ Ten que haber algo máis?. Eu tamén fixen as miñas investigacións, e agora decatome que todo foi unha farsa. Esa moza, a que queimamos, de bruxa tiñache pouco; todo foi unha conspiración ¿ pra ocultar, o qué?. E nos dous asasinatos: ¿quen diaños está detrás de todo isto?.

O Alguacil apretou os dentes. Aquela era unha situación inesperada. Agora debería cambiar os seus plans e rápido. Sacou do seu caixón un manuscrito e puxo por riba da mesa. — Moi ben, vas saber a verdade de todo isto. Claro que non era unha bruxa, si non que ela sabía demasiadas cousas, cousas do señor Marqués—interrumpiulle o templario —Claro, claro, e compría quitala de enmedio. —¿Dille que che conte toda a verdade?. — Era unha voz feminina o que acababan de escoitar. Os dous homes xiraron a cabeza cara ás cortinas, e alí estaba ela. Era a Xuana . Estaba diante deles empunhando un pistolete. Os seus ollos non daban crédito o que estaban a ver.

— Que pasa, nunca visteis unha pantasma. Querido Templario, a verdade e que, este que teis diante vai ser o principal herdeiro de todo o que ten o Marqués. Pois a súa única filla morrera afogada de cativa. E Xoana era a única que sabía que verdadeiramente a cativa non morrera, e, agora xa moza, estaba viva. Pero o que o Alguacil non sabe é que Xoana tiña unha irma xemela: ¡eu !; e cumprerei encantada, o seu xuramento.

—Xa, e iste enterouse hai pouco de que a nena non morrera. —dixo o Templario— E non interesaba quedarse sen a herdanza, así que: ó alcalde e mais ó abade seguro que lle ofreceu un bo anaco do pastel...

—Correcto, —dixo o Algüacil—. E agora vades morrelos dous. —Abriu o caixón dá mesita e decatouse de que a súa arma de fogo, era a que tiña ela nas súas mans. Agora si que lle recorreo todo o corpo unha suor fría. Tratou de saír o exterior, pero ela estaba cerca, demasiado cerca. Apretou o gatillo e deulle nun costado. O disparo seguro que alertara o centiela. Os dous miraronse un intre, e decidiron saír pola fiestra que daba a parte de atrás. Coas presas tiraron unha mesita, e nesta prendida estaba unha lampara de aceite. Cao o chan, encima dá alfombra, propagándose en poucos segundos o fogo por todo o comedor.

O algüacil tirado no chan, ensanguentado, inmovil pero consciente decatouse de que o seu fin estaba cerca. Iva ter a mesma morte ca Xuana. Berrou, chillou, pero non puideron facer nada. As chamas agora xas estaban espalladas por toda a casa.

O final a morte do Algüacil tamén quedou sen resolver. A súa maxestade o rei Felipe II; ordeou unha investigación a fondo, pero non houbo resultados. O parecer dúas ou tres persoas do pobo aseguraron que esa noite, viran correr pola rua a bruxa Xuana en dirección o bosque. O Templario volveulle con vida a filla ó Marqués, co agasallou con

cartos, ademáis de ser recoñecido con grandes honores. Ata o mesmo rei quixo coñecelo. E cando lle preguntou si todo o acontecido en Galicia fora obra de unha bruxa; el contestou: —Súa Maxestade eu non creo nas bruxas; pero habelas hailas.

En canto a Xuana, (ou a súa hirmá), nunca máis se volveo a ver, nin falar dela.

Por último e para rematar esta historia é: ¿un Conto ou unha Lenda?; a pregunta queda no aire, e que cada un para os seus adentros responda o que crea mais correcto. O que si vos podo decir a cencia certa é que, unhes anos máis tarde, por moitos lugares de Galicia, todolos 23 de xuño, comenzaron a facerse fogatas de lume, e a recitar conxuros para escorrentalas bruxas. Aínda a data de hoxe seguese celebrando esta tradición.